


# 15ª EDICIÓN PREMIOS SPRINT MOTOR



Chegou o momento de decidir. Despois dun receso o ano pasado, volvemos cos nosos Premios. Durante os números de **Nadal** e **xaneiro**, como xa viña sendo habitual na nosa revista, os lectores e lectoras poderán votar os vehículos e piloto que eles consideran que deben levar os **Premios Sprint Motor 2018**.

A participación de todos e todas vós é fundamental, é o reflexo da importancia de ver estas páxinas impresas mes tras mes, algo que nos dá pulo para facer as cousas mellor e poñer toda a "gasolina" ou "electricidade" que faga falta. Vós decidiredes cales son os tres vehículos e o piloto merecedores dun galardón. A industria automobilística mundial, un ano máis, vai facer que esta elección sexa complicada pois a cantidade de novidades presentadas este ano fan máis complexo peneirar para elixir un en cada categoría. A elección do piloto tampouco será unha tarefa doada, pois **Galicia ten unha boa cantidade de estupendos pilotos**.

Para nós esta **décimo quinta edición** e un gran logro, pois chegar a ela despois dos últimos anos tan complicados da crise non foi nada doado. Como exemplo o "parón" nestes galardóns que tivemos no 2017. Por iso, agardamos que este impulso que supón para a revista estes premios se espalle entre todos os sectores do motor para que 2018 sexa un ano estupendo. É o noso desexo.

Para participar na **XV Edición dos Premios Sprint Motor** hai que encher o boletín e enviálo á redacción da revista. Este formulario sairá nos números de **Nadal** e no de **xaneiro**. Os nomes dos vehículos gañadores e persoas ou entidades premiadas **publicaranse no número de febreiro (nº 252)**.

Con esta nova edición queremos unha vez máis premiar o traballo e a ilusión das persoas que contribúen a diario a facer máis grande e mellor este mundo tan apaixonante do motor. Con esta filosofía naceron xa hai **dezaseis anos** os galardóns Sprint Motor, para premiar sobre todo, a través dos/as nosos/as lectores/as, a todos eses homes e mulleres que traballan de arreo por mellorar o noso deporte e a nosa industria do motor. Nesta edición os galardóns que se outorgarán son os seguintes:

**COCHE SPRINT MOTOR 2018**

**MONOVOLUME SPRINT MOTOR 2018**

**TODOTERREO/SUV SPRINT MOTOR 2018**

**PILOTO SPRINT MOTOR 2018**

**GALARDÓN SPRINT MOTOR 2018**

Os gañadores das distintas categorías serán elixidos polos lectores, agás o "**Galardón Sprint Motor 2018**" que será concedido pola redacción do xornal á persoa ou entidade que co seu labor contribuíse a mellorar o mundo do motor nalgún dos seus diversos aspectos.

A participación dos/as nosos/as lectores/as e amigos/as nas votacións ten unha compensación en forma de premios, exactamente temos tres estupendas camisolas de **Sprint Motor** que sortearemos entre todos/as os/as participantes. Concurrir é moi sinxelo só tedes que cubrir o boletín e enviálo á redacción de **Sprint Motor**:

**Avenida da Liberdade nº16, 4ªA 15706 – Santiago de Compostela**

Este cupón sairá nos números 250 (Nadal) e 251 (xaneiro).

Tamén poderá facerse enviando o boletín a [redaccion@sprintmotor.com](mailto:redaccion@sprintmotor.com)

O resultado das votacións publicaranse no número 252, correspondente ao mes de febreiro de 2018.

**15ª EDICIÓN PREMIOS**



Coche SM 2018:

Monovolume SM 2018:

Todoterreo/SUV SM 2018:

Piloto SM 2018:

Nome:

Teléfono:

Enderezo:

Para participar enviar o cupón a:  
Avenida da Liberdade nº16, 4ª A • Código Postal 15706 – Santiago de Compostela

Máis información en [www.sprintmotor.com](http://www.sprintmotor.com)